

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**9078** *Real decreto 728/2017, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de adquisición e perda da condición de garda civil e de situacións administrativas do persoal da Garda Civil.*

A adquisición da condición de garda civil está recollida no título preliminar da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, mentres que as situacións administrativas do dito persoal e o cesamento na relación de servizos profesionais se desenvolven no capítulo VI do título V e no título VI, respectivamente. Tal e como se recolle na exposición de motivos da Lei 29/2014, do 28 de novembro, as situacións administrativas nela descritas consolidan os avances efectuados desde a aprobación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, e adáptanse, no posible, ao Estatuto básico do empregado público, cuxo texto refundido se aprobou mediante o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, tendo en conta as súas consideracións relacionadas coa conciliación da vida laboral e familiar, as necesarias para a protección da garda civil vítima de violencia de xénero e para os gardas civís que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista.

A disposición derradeira quinta da Lei 29/2014, do 28 de novembro, autoriza o Goberno a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e execución e, en particular, as referidas a situacións administrativas e adquisición, perda e renuncia á condición de garda civil, entre outras.

Por outra parte, dado o longo período de tempo transcorrido desde a entrada en vigor do anterior Regulamento xeral de adquisición e perda da condición de militar de carreira do corpo da Garda Civil e de situacións administrativas do persoal do dito corpo, aprobado polo Real decreto 1429/1997, do 15 de setembro, así como a evolución que nesta materia primeiro introduciu a Lei 42/1999, do 25 de novembro, e máis recentemente, a Lei 29/2014, do 28 de novembro, este atópase nunha situación de claro desfase e, por tanto, boa parte das súas regulacións non gardan harmonía coas previsións legais en vigor. Por todo iso, co real decreto que agora se aproba, regúlanse a adquisición e a perda da condición de garda civil e as súas situacións administrativas.

O regulamento estrutúrase en catro capítulos. O primeiro deles, de disposicións de carácter xeral, contén o obxecto e o ámbito de aplicación, así como as disposicións comúns que son de aplicación nos capítulos seguintes.

O segundo capítulo está dedicado á adquisición e perda da condición de garda civil. Nel establécense os tempos de servizos necesarios para poder solicitar a renuncia á condición de garda civil, así como a forma de calcular a cantidade que se debe resarcir en función do tempo de servizo cumprido, mediante a remisión ao anexo do regulamento. Neste capítulo tamén se precisa o exercicio do dereito ao uso do uniforme do persoal retirado e a asistencia a actos oficiais daqueles que teñan unha vinculación honorífica cunha unidade. Por último, tamén establece o procedemento para a concesión da rehabilitación de persoal que cesase na relación de servizos profesionais en virtude de determinados supostos.

O terceiro capítulo divídese en oito seccións e dedícase, principalmente, a desenvolver as diferentes situacións administrativas en que se poden encontrar os gardas civís. A primeira sección recolle as disposicións comúns e o resto regula de forma específica as situacións administrativas de servizo activo, servizos especiais, excedencia, suspensión de emprego, suspensión de funcións, reserva e as condicións relacionadas co persoal prisioneiro e desaparecido, tendo en conta o establecido no Código civil e no Regulamento

de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais, aprobado polo Real decreto 1111/2015, do 11 de decembro.

Como novidade máis destacada, inclúese a posibilidade de solicitar vacantes desde situacións administrativas distintas á de servizo activo, coa finalidade de facilitar a reincorporación a esta situación e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar do persoal en tales situacións. Así, o garda civil nestas situacións poderá cesar nelas cando obtívase un destino que lle permita tal conciliación xa que, de pasar previamente á situación de servizo activo, o posterior destino obtido podería non responder aos seus intereses persoais ou familiares.

Neste capítulo tamén se introducen os efectos daquelas situacións administrativas en que se ten a condición de garda civil en suspenso, figura innovadora introducida pola Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Na situación de servizos especiais prevese a reserva de posto por un período de seis meses do garda civil que sexa designado como candidato a elección para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou que resulte elixido. Con esta previsión trátase de favorecer o exercicio deste dereito aos membros da Garda Civil e evitar prexuízos no caso de non resultaren elixidos.

Tamén se establece un procedemento de continuación na situación de servizo activo ao cumprir a idade fixada de paso á situación de reserva para as escalas de suboficiais e de cabos e gardas. O seu obxectivo é, por un lado, dotar de seguridade xurídica o garda civil resolvendo a súa solicitude con antelación suficiente ao cumprimento da dita idade e, por outro, aumentar a eficacia na provisión dos destinos que este persoal pode deixar vacante de non continuar en servizo activo.

Por último, a sección dedicada a prisioneiros e desaparecidos establece un procedemento plenamente compatible co establecido no Regulamento de adquisición e perda da condición de militar e situacións administrativas dos militares profesionais, ante a previsión que, de se daren estes supostos, é posible que se produza co garda civil que estea participando en misións no exterior ou integrado nun continxente das Forzas Armadas.

Finalmente, o capítulo cuarto, sobre recursos, indica os que corresponde aplicar nesta materia.

Durante a súa tramitación, este real decreto recibiu o informe do Consello da Garda Civil, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xullo de 2017,

#### DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento de adquisición e perda da condición de garda civil e de situacións administrativas do persoal da Garda Civil, cuxo texto se inclúe a seguir.

Disposición transitoria primeira. *Cambios de situación administrativa iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.*

Os procedementos para a tramitación de cambios de situación administrativa iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto resolveranse consonte a normativa vixente ata ese momento.

Disposición transitoria segunda. *Rehabilitación nas escalas de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

1. Os gardas civís que pertencesen á escala de oficiais, escala facultativa superior ou escala facultativa técnica da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e se lles conceda a rehabilitación, incorporaranse naquelas.

2. Os gardas civís que pertencesen á escala superior de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, e se lles conceda a rehabilitación, incorporaranse á escala de oficiais da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, na última posición do escalafón correspondente á antigüidade equivalente ao tempo de servizos efectivos que tivese no emprego antes do seu cesamento na relación de servizos e conforme os criterios de proporcionalidade recollidos na disposición transitoria sétima da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

Disposición transitoria terceira. *Requisitos para a renuncia dos membros das escalas de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro.*

Aos membros da Garda Civil que pertenzan ás escalas de oficiais da Lei 42/1999, do 25 de novembro, exixiráselles para a renuncia ter cumpridos os seguintes tempos de servizos desde o ingreso na escala a que pertenzan:

- a) Oito anos desde o ingreso na escala superior de oficiais.
- b) Cinco anos desde o ingreso na escala facultativa superior.
- c) Cinco anos desde o ingreso na escala de oficiais.
- d) Cinco anos desde o ingreso na escala facultativa técnica.

Disposición transitoria cuarta. *Paso a reserva dos membros da escala de cabos e gardas que pertencían á dita escala no momento da entrada en vigor da Lei 42/1999, do 25 de novembro.*

Aos membros da escala de cabos e gardas que pertencían á dita escala no momento da entrada en vigor da Lei 42/1999, do 25 de novembro, seguiralles sendo de aplicación o réxime transitorio de paso á situación de reserva que establece a disposición transitoria terceira da lei mencionada, e poderán solicitar a súa permanencia en activo ata os sesenta e cinco anos de idade, de acordo co previsto nos artigos 44 e seguintes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1429/1997, do 15 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de adquisición e perda da condición de militar de carreira do corpo da Garda Civil e de situacións administrativas do persoal do dito corpo.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> e 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e Forzas Armadas, e de seguridade pública, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

1. Autorízanse os ministros de Defensa e do Interior a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto no ámbito das súas respectivas competencias.

2. Igualmente, facúltase o director xeral da Garda Civil para ditar as instrucións necesarias naqueles procedementos en que sexa a autoridade competente para resolver, consonte o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xullo de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## REGULAMENTO DE ADQUISICIÓN E PERDA DA CONDICIÓ DE GARDA CIVIL E DE SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DO PERSOAL DA GARDA CIVIL

### Índice

#### Capítulo I. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito persoal de aplicación.
- Artigo 3. Tempo de servizos.

#### Capítulo II. Adquisición e perda da condición de garda civil.

- Artigo 4. Adquisición da condición de garda civil.
- Artigo 5. Perda da condición de garda civil e procedemento.
- Artigo 6. Efectos da perda da condición de garda civil.
- Artigo 7. Requisitos para poder solicitar a renuncia.
- Artigo 8. Retiro.
- Artigo 9. Dereitos do persoal retirado.
- Artigo 10. Vinculación honorífica.
- Artigo 11. Rehabilitación.

#### Capítulo III. Situacións administrativas.

##### Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns.

- Artigo 12. Situacións administrativas.
- Artigo 13. Publicidade e anotación na folla de servizos.
- Artigo 14. Cambios de situación administrativa.
- Artigo 15. Solicitude de vacantes.
- Artigo 16. Condición de garda civil en suspenso.
- Artigo 17. Incompatibilidades.

##### Sección 2.<sup>a</sup> Servizo activo.

- Artigo 18. Situación de servizo activo.
- Artigo 19. Postos orgánicos relacionados co desempeño das súas funcións.

##### Sección 3.<sup>a</sup> Servizos especiais.

- Artigo 20. Situación de servizos especiais.
- Artigo 21. Declaración da situación de servizos especiais.
- Artigo 22. Efectos do paso á situación de servizos especiais.
- Artigo 23. Prestación de servizos en presidencia do Goberno e gabinetes.
- Artigo 24. Misións internacionais.
- Artigo 25. Programas específicos de interese para a seguridade cidadá.
- Artigo 26. Consideración de candidato.
- Artigo 27. Finalización da situación de servizos especiais.

##### Sección 4.<sup>a</sup> Excedencia.

- Artigo 28. Modalidades da situación de excedencia.
- Artigo 29. Declaración e cesamento na situación de excedencia.
- Artigo 30. Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- Artigo 31. Excedencia voluntaria por interese particular.
- Artigo 32. Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- Artigo 33. Excedencia por coidado de familiares.
- Artigo 34. Excedencia por razón de violencia de xénero.

Artigo 35. Ingreso por acceso directo como alumno dos centros docentes de formación.

Artigo 36. Excedencia baseada na consideración de vítima do terrorismo.

Sección 5.<sup>a</sup> Suspensión de emprego.

Artigo 37. Situación de suspensión de emprego.

Artigo 38. Declaración e cesamento na situación de suspensión de emprego.

Artigo 39. Efectos do paso á situación de suspensión de emprego.

Artigo 40. Alcance compensatorio do tempo permanecido en suspensión de funcións.

Sección 6.<sup>a</sup> Suspensión de funcións.

Artigo 41. Situación de suspensión de funcións.

Artigo 42. Declaración e cesamento na situación de suspensión de funcións.

Artigo 43. Efectos do paso á situación de suspensión de funcións.

Sección 7.<sup>a</sup> Reserva.

Artigo 44. Situación de reserva.

Artigo 45. Declaración do paso á situación de reserva.

Artigo 46. Efectos do paso á situación de reserva.

Artigo 47. Procedemento para continuar en servizo activo.

Artigo 48. Paso á situación de reserva con carácter voluntario nas cotas autorizadas.

Sección 8.<sup>a</sup> Prisioneiros e desaparecidos.

Artigo 49. Condición de prisioneiro ou desaparecido.

Artigo 50. Procedemento administrativo.

Artigo 51. Situacións administrativas na condición de prisioneiro ou desaparecido.

Artigo 52. Ascensos na condición de prisioneiro ou desaparecido.

Artigo 53. Dereitos económicos.

Capítulo IV. Recursos.

Artigo 54. Recursos.

Anexo. Porcentaxe de aboamento nas cantidades que se deben resarcir ao Estado como consecuencia da renuncia á condición de garda civil.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este regulamento ten por obxecto regular os procedementos relativos á adquisición e perda da condición de garda civil, así como as situacións administrativas establecidas na Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.

Artigo 2. *Ámbito persoal de aplicación.*

1. Este regulamento será de aplicación aos gardas civís, consonte o disposto no artigo 3.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Tamén será de aplicación a quen ingrese nos centros docentes de formación da Garda Civil, nos termos recollidos na Lei 29/2014, do 28 de novembro, e nas leis penais militares e disciplinarias.

### Artigo 3. *Tempo de servizos.*

Para os efectos deste regulamento, entenderase como tempo de servizos o transcorrido desde a adquisición da condición de garda civil para quen permanecese nas seguintes situacións e condicións:

- a) Servizo activo, servizos especiais, reserva e excedencia por acceso directo como alumno dos centros docentes de formación das Forzas Armadas ou da Garda Civil.
- b) Excedencia por coidado de familiares, durante o primeiro ano de cada período de excedencia; excedencia por razón de violencia de xénero ou pola consideración de vítima do terrorismo, durante os seis primeiros meses nestas situacións; todo isto de acordo co previsto no artigo 90 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.
- c) Suspensión de emprego e suspensión de funcións, cando se dean as circunstancias que se establecen, respectivamente, nos artigos 91.6 e 92.4, parágrafos segundo e terceiro, da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

## CAPÍTULO II

### Adquisición e perda da condición de garda civil

#### Artigo 4. *Adquisición da condición de garda civil.*

1. A condición de garda civil adquirese ao obter o primeiro emprego, conferido polo rei e referendado polo ministro de Defensa, e incorporarse á correspondente escala da Garda Civil. A súa adquisición levará consigo, ademais, a condición de militar de carreira da Garda Civil.

2. O primeiro emprego obterase tras a superación das probas de selección e do plan ou plans de estudos de acceso á escala que corresponda da Garda Civil.

#### Artigo 5. *Perda da condición de garda civil e procedemento.*

1. De acordo co establecido no artigo 95 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, a condición de garda civil perderase por algunha das seguintes causas:

- a) En virtude de renuncia, cos requisitos que se establecen no artigo 7.
- b) Perda da nacionalidade española.
- c) Pena principal ou accesoria de perda de emprego, de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público cando adquirise firmeza.
- d) Sanción disciplinaria de separación do servizo.

2. A perda da condición de garda civil en virtude de renuncia será acordada polo ministro de Defensa. Para tal efecto, o subdirector xeral de Persoal da Garda Civil incoará, por instancia de parte, o correspondente expediente e elevará proposta motivada, por conduto do director xeral da Garda Civil, ao ministro de Defensa, para a resolución que proceda.

3. Cando se dean por cumpridas as causas b), c) e d) do número 1, o director xeral da Garda Civil acordará a publicación da perda da condición de garda civil no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

#### Artigo 6. *Efectos da perda da condición de garda civil.*

1. Coa perda da condición de garda civil deixarase de estar suxeito ao réxime xeral dos dereitos e deberes, e ás leis penais e disciplinarias aplicables aos membros da Garda Civil. Levará consigo, ademais, a perda da condición de militar de carreira da Garda Civil.

2. A perda da condición de garda civil non suporá, en ningún caso, o paso do afectado a retiro.

O tempo de servizos cumprido seralle considerado para efectos da determinación, no seu momento, da pensión que lle corresponda.

Artigo 7. *Requisitos para poder solicitar a renuncia.*

1. Os gardas civís poderán solicitar a renuncia á súa condición cando o fagan cun aviso previo de tres meses e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Os tempos mínimos de servizos desde o ingreso na escala a que pertenza o interesado no momento da resolución, que se indican a continuación:

- 1.º Oito anos desde o ingreso na escala de oficiais.
- 2.º Cinco anos desde o ingreso na escala de suboficiais.
- 3.º Tres anos desde o ingreso na escala de cabos e gardas.

b) Ter cumpridos os tempos de servizos que seguidamente se sinalan, desde a finalización dos cursos do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais, tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

- 1.º Cursos categoría A: un ano.
- 2.º Cursos categoría B: dous anos.
- 3.º Cursos categoría C: tres anos.
- 4.º Cursos categoría D: catro anos.
- 5.º Cursos categoría E: cinco anos.

Exceptúanse os cursos preceptivos de capacitación para o desempeño de empregos superiores.

Cando o interesado non finalizase un curso voluntariamente, o tempo mínimo de servizos efectivos será proporcional ao tempo permanecido nel, sempre que supere, ao menos, o 50 % da súa carga lectiva.

c) Non estar incurso en procedemento disciplinario por falta grave ou moi grave, ou pendente de cumprir sanción disciplinaria por falta grave ou moi grave, nin que se ditase na súa contra auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito.

2. De non ter cumpridos os tempos establecidos nos números anteriores, para renunciar deberán resarcir economicamente ao Estado e comunicarllo cun aviso previo de seis meses, de acordo co disposto no artigo 96.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro. A cantidade que se deba resarcir reducirase, en función do tempo de servizos cumprido, consonte as porcentaxes que se determinan no anexo deste regulamento.

Artigo 8. *Retiro.*

1. A relación de servizos profesionais co corpo da Garda Civil cesa en virtude de retiro, conforme o artigo 94 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. A declaración de retiro efectuaraa o director xeral da Garda Civil, excepto para os oficiais xenerais, que será competencia do ministro de Defensa, logo de informe do ministro do Interior.

3. O paso a retiro con carácter voluntario rexerese polas condicións establecidas para a xubilación voluntaria na lexislación de clases pasivas do Estado ou, de ser o caso, no réxime xeral da Seguridade Social, segundo determine a normativa vixente na materia.

4. O paso á situación de retiro publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

Artigo 9. *Dereitos do persoal retirado.*

1. Os gardas civís que pasasen a retiro deixarán de estar suxeitos ao réxime xeral de dereitos e obrigacións do persoal do corpo da Garda Civil e á normativa disciplinaria do instituto.

2. Terán a consideración de garda civil retirado, en que gozarán dos dereitos de seguridade social que lles correspondan, manterán os asistenciais no ámbito do réxime de



Seguridade Social das Forzas Armadas e doutra índole recoñecidos nas leis, e poderán usar o uniforme en actos institucionais e sociais solemnes, de acordo co que se determine. O director xeral da Garda Civil poderá limitar o uso do uniforme nestes actos, mediante resolución motivada, ao garda civil retirado contra o cal se ditase auto de procesamento, de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito ou que realizase accións que sexan contrarias á conduta e imaxe que se lles exigen aos membros da Garda Civil.

3. Disporán, se o solicitan, da correspondente tarxeta de identificación militar e facilitaráselles o acceso á información sobre prestacións a que teñen dereito e outros asuntos sociais que poidan ser do seu interese.

#### Artigo 10. *Vinculación honorífica.*

1. O garda civil que cesase na súa relación de servizos profesionais por paso a retiro, ademais dos dereitos de seguridade social que correspondan, asistenciais e doutra índole que teña recoñecidos, poderá manter, se o solicita, unha especial vinculación co instituto mediante a súa adscrición con carácter honorífico á unidade que elixa, logo de conformidade do director xeral da Garda Civil.

2. Unha vez concedida a vinculación honorífica a unha unidade, poderá asistir aos actos e cerimonias institucionais en que esta participe.

3. O director xeral da Garda Civil poderá rescindir esta vinculación, logo de audiencia do interesado, cando o garda civil retirado fose condenado en sentenza xudicial firme pola comisión dun delito. Ademais, poderá limitar a súa asistencia a actos e cerimonias institucionais, cando se ditase na súa contra auto de procesamento, de apertura de xuízo oral pola comisión dalgún delito ou realizase accións que sexan contrarias á conduta e imaxe que se lles exigen aos membros da Garda Civil.

#### Artigo 11. *Rehabilitación.*

1. O ministro de Defensa poderá, con carácter excepcional, conceder a rehabilitación, por petición do interesado, de quen fose condenado a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, atendendo ás circunstancias e á entidade do delito cometido, e sempre que o interesado acredite que cumpriu a pena.

2. En caso de cesamento da relación de servizos como consecuencia da perda de nacionalidade española ou por insuficiencia de condicións psicofísicas que impliquen incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias da Garda Civil, o interesado poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de garda civil, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou. O ministro de Defensa concederá, salvo que non se acredite fidedignamente a desaparición daquela causa ou existan outras circunstancias que resulten incompatibles coa condición de garda civil.

3. Para a valoración das circunstancias recollidas nos números anteriores, a xefatura de persoal instruirá un expediente que se resolverá no prazo máximo de seis meses. Se, transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se produciu de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude.

4. No expediente acreditarase a aptitude do interesado para prestar servizo. Para iso deberá superar unha proba obxectiva de coñecementos sobre normativa, procedementos e técnicas profesionais, segundo determine a xefatura de ensino, atendendo ao emprego e á escala a que se reincorporaría e, de ser o caso, outra correspondente ás probas físicas que teña que superar para ingresar na súa escala, adaptadas ao seu sexo e idade.

Igualmente, o Servizo de Asistencia Sanitaria e o Servizo de Psicoloxía someterano a recoñecementos médicos e a probas psicolóxicas co fin de acreditar a aptitude para o servizo.

5. Concedida a rehabilitación, reincorporarase na escala a que pertencía, tendo en consideración o tempo de servizos no emprego que desempeñase para o seu escalafonamento. A data de efectividade da rehabilitación será a da resolución do ministro de Defensa, salvo que nela se faga constar outra distinta.

O tempo transcorrido entre a perda da condición de garda civil e a rehabilitación non será computable para efectos de recoñecemento e cálculo dunha pensión posterior, calquera que fose a súa causa. Tampouco será computable para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos que poidan corresponder segundo o réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación.

6. Independentemente do recollido nos números anteriores, ao garda civil a que se lle concedese a rehabilitación outorgaráselle preferencia para realizar as actividades formativas de actualización de coñecementos que máis se adecuen ás súas necesidades, consonte o disposto na normativa que regula o ensino de perfeccionamento e altos estudos profesionais.

### CAPÍTULO III

#### Situacións administrativas

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Disposicións comúns*

#### Artigo 12. *Situacións administrativas.*

1. Os gardas civís estarán nalgunha das seguintes situacións administrativas:

- a) Servizo activo.
- b) Servizos especiais.
- c) Excedencia.
- d) Suspensión de emprego.
- e) Suspensión de funcións.
- f) Reserva.

2. O garda civil en calquera situación administrativa, salvo nos casos en que se especifique o contrario, estará suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, ao seu réxime disciplinario e ás leis penais e disciplinarias militares cando lle sexan de aplicación.

#### Artigo 13. *Publicidade e anotación na folla de servizos.*

1. Calquera cambio de situación administrativa deberá ser publicado no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» e no «Boletín Oficial de la Guardia Civil», excepto o paso á situación de excedencia por razón de violencia de xénero e desta a calquera outra.

2. Todo cambio de situación administrativa do garda civil será reflectido na súa folla de servizos.

#### Artigo 14. *Cambios de situación administrativa.*

1. A autoridade competente para resolver as solicitudes de paso ás diferentes situacións administrativas verificará se o garda civil cumpre os tempos mínimos de servizo desde o ingreso na escala a que pertenza o interesado no momento da resolución; ou desde a finalización dos cursos do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais; ou se se encontra incurso en procedemento xudicial, expediente disciplinario ou cumprindo condena ou sanción imposta a resultas destes.

2. O reingreso ao servizo activo desde outras situacións administrativas en que se teña a condición de garda civil en suspenso estará supeditado, ademais de ao previsto neste regulamento, ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Non ter sido separado do servizo da Administración xeral do Estado, da Administración autonómica, local ou institucional, ou acharse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin ter antecedentes penais non cancelados por delito doloso.

b) Posuír as condicións psicofísicas requiridas para permanecer na situación de servizo activo, cando non teña dereito a reserva do posto orgánico.

3. Ao garda civil que reingrese ao servizo activo desde outras situacións administrativas outorgaráselle preferencia para realizar as actividades formativas de actualización de coñecementos que máis se adecuen ás súas necesidades, consonte o disposto na normativa que regula o ensino de perfeccionamento e altos estudos profesionais.

4. Os cambios de situacións administrativas serán efectivos na data indicada na respectiva resolución ou desde o día seguinte ao da publicación, se non se indica outra data.

#### Artigo 15. *Solicitud de vacantes.*

1. O garda civil que se encontre na situación administrativa de servizos especiais como candidato a eleccións ou nas de excedencia por prestación de servizos no sector público, coidado de familiares, razón de violencia de xénero ou baseada na consideración de vítima do terrorismo, e non cumprise a idade de paso á situación de reserva, poderá solicitar vacantes para persoal en activo conforme as condicións e limitacións que establece a normativa de provisión de destinos do persoal da Garda Civil.

En tales situacións a reserva do posto de traballo recaerá, de ser o caso, sobre o novo destino sen que se interrompa o cómputo dos prazos da dita reserva.

2. Igualmente, poderá solicitar destino cando se encontre en situación de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar cando teña cumprido o prazo mínimo de permanencia nesta situación na data de publicación da resolución de anuncio de vacantes, ou teña previsto o seu cumprimento dentro dos seis meses seguintes.

#### Artigo 16. *Condición de garda civil en suspenso.*

1. O garda civil que pase a ter a súa condición en suspenso, de acordo co disposto neste capítulo, deixará de estar suxeito ao réxime xeral de dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, ás leis penais militares, ás leis disciplinarias da Garda Civil e das Forzas Armadas.

2. Cando teña a súa condición de garda civil en suspenso, entregará a súa tarxeta de identidade profesional e armamento de dotación para a prestación do servizo. Conservará a tarxeta de identidade militar, que poderá ser substituída por outra en que se reflecta a súa situación administrativa. Respecto ás armas particulares que posúa, aplicarase o disposto no Regulamento de armas e na normativa de desenvolvemento para os membros da Garda Civil.

3. O garda civil que reingrese á situación de servizo activo desde unha situación administrativa en que teña a condición de garda civil en suspenso e desempeñe algún dos empregos relacionados nos cadros de persoal regulamentarios permanecerá en exceso de cadro de persoal, para os únicos efectos de planificación do ciclo de ascensos, e producirase a amortización dos excedentes no ciclo seguinte ao da súa incorporación, conforme o disposto no artigo 25.5, da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

#### Artigo 17. *Incompatibilidades.*

O persoal da Garda Civil cuxa condición non se encontre en suspenso estará sometido ao réxime de incompatibilidades, consonte a normativa que resulte de aplicación aos membros da Garda Civil.

### Sección 2.<sup>a</sup> *Servizo activo*

#### Artigo 18. *Situación de servizo activo.*

Os gardas civís estarán en servizo activo, salvo que se encontren noutra situación administrativa regulada neste regulamento:

a) Cando ocupen destino nas unidades, centros e organismos da Garda Civil incluídos no correspondente catálogo de postos de traballo e no seu centro universitario.

b) Cando ocupen destino en postos de traballo especificamente asignados nos ministerios de Defensa e do Interior, así como nos seus órganos directivos.

c) Cando ocupen postos orgánicos relacionados co desempeño das súas funcións en organizacións internacionais, na Presidencia do Goberno ou noutros departamentos ministeriais.

d) Cando sexan nomeados para ocupar cargos e destinos na Casa da súa Maxestade o Rei.

e) Cando estean pendentes de asignación de destino, por teren cesado no que tiñan ou por proceder de situación administrativa distinta, se non lles corresponde o paso a outra situación.

f) Cando ingresen como alumnos nos centros docentes de formación, se non lles corresponde o paso a outra situación.

Artigo 19. *Postos orgánicos relacionados co desempeño das súas funcións.*

O ministro do Interior, de acordo cos titulares dos correspondentes departamentos ministeriais, determinará os postos orgánicos a que se refire a alínea c) do artigo anterior.

### *Sección 3.ª Servizos especiais*

Artigo 20. *Situación de servizos especiais.*

Os gardas civís pasarán á situación de servizos especiais cando:

a) Sexan elixidos polas Cortes Xerais ou polas asembleas legislativas das comunidades autónomas para formar parte dos órganos constitucionais, ou dos órganos estatutarios, ou outros cuxa elección corresponda ás cámaras e ás asembleas legislativas das comunidades autónomas.

b) Presten servizos no Tribunal Constitucional, Defensor do Pobo, Consello Xeral do Poder Xudicial ou Tribunal de Contas, Tribunal Supremo ou noutros órganos xurisdiccionais.

c) Presten servizos na Presidencia do Goberno ou nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado en postos orgánicos non relacionados especificamente coa defensa ou a seguridade cidadá.

d) Sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos, ou entidades dependentes ou vinculadas ás administracións públicas que, de conformidade co que estableza a normativa da respectiva Administración pública, estean asimilados no seu rango administrativo a alto cargo.

e) Sexan autorizados polo ministro do Interior para realizar unha misión por un período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.

f) Sexan autorizados polo ministro do Interior a participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a seguridade cidadá en organismos, entidades ou empresas alleos ao Ministerio do Interior.

g) Adquiran a condición de persoal estatutario permanente do Centro Nacional de Intelixencia.

h) Sexan designados membros do Goberno ou dos órganos de Goberno das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla; ou membros das institucións da Unión Europea ou de organizacións internacionais; ou sexan nomeados altos cargos das citadas administracións públicas ou institucións.

i) Sexan designados como candidatos a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou resulten elixidos nelas.

j) Adquiran a condición de funcionarios ao servizo de organizacións internacionais, no caso de que non ocupen postos orgánicos relacionados coa seguridade.

*Artigo 21. Declaración da situación de servizos especiais.*

1. O garda civil cursará, por conduto regulamentario, a solicitude de paso á situación de servizos especiais ao ministro de Defensa, e incluírá a documentación que xustifique a súa petición.
2. No caso de ter consideración de alto cargo, o interesado xuntará á solicitude as referencias á normativa que o ampara.
3. O director xeral da Garda Civil elevará cada solicitude ao ministro de Defensa, xuntando o seu propio informe.
4. A concesión do paso á situación de servizos especiais será acordada polo ministro de Defensa, que indicará o suposto que lle é de aplicación. Producirá efectos a partir da data de toma de posesión do posto de traballo, salvo no suposto recollido na alínea i) do artigo anterior, en que os producirá desde a data en que sexa proclamado candidato, conforme a normativa electoral.

*Artigo 22. Efectos do paso á situación de servizos especiais.*

1. O tempo permanecido na situación de servizos especiais será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que corresponda.
2. Durante o tempo de permanencia na situación de servizos especiais, manterase a condición de garda civil en suspenso, cos efectos sinalados no artigo 16.
3. Os gardas civís en situación de servizos especiais poderán ascender se cumpren os requisitos exixidos aos compoñentes da súa escala.
4. Percibirán as retribucións do posto ou cargo que desempeñen e non as que lles correspondan como gardas civís, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que teñan recoñecidos.

*Artigo 23. Prestación de servizos na presidencia do Goberno e gabinetes.*

Nos supostos recollidos nos artigos 18.c) e 20.c), para determinar a relación coa defensa ou a seguridade cidadá das tarefas desempeñadas en postos orgánicos da presidencia do Goberno ou nos gabinetes de ministros e secretarios de Estado, solicitarase informe do xefe do gabinete ou órgano correspondente. Este informe detallará as tarefas que se realizan no dito posto e en que medida gardan relación coa defensa ou coa seguridade cidadá.

*Artigo 24. Misións internacionais.*

1. A solicitude de autorización para participar nas misións a que fai referencia o artigo 20.e) dirixirase por conduto da xefatura de persoal, con indicación do período e da misión para a que foi designado, ao ministro do Interior, logo de informe do director xeral da Garda Civil.
2. Unha vez concedida a autorización do ministro do Interior para participar nunha misión internacional, o designado para esta tramitará solicitude de paso á situación de servizos especiais, segundo o previsto no artigo 21.

*Artigo 25. Programas específicos de interese para a seguridade cidadá.*

1. A solicitude de autorización para participar nos programas a que fai referencia o artigo 20.f) dirixirase, por conduto da xefatura de persoal, ao ministro do Interior, logo de informe do director xeral da Garda Civil.
2. Unha vez concedida a autorización do ministro do Interior para participar nun programa, tramitarase solicitude de paso á situación de servizos especiais, segundo o previsto no artigo 21.

*Artigo 26. Consideración de candidato.*

1. Para obter a consideración de candidato a que se refire o artigo 20.i), o interesado deberá ter sido proclamado como tal conforme a normativa vixente en materia electoral.

2. O dito candidato estará obrigado a comunicar a súa nova condición á xefatura de persoal por conduto da súa unidade de encadramento, xuntando a acreditación da xunta electoral da súa proclamación como candidato, cesará na situación en que se encontrase na data da proclamación e pasará á situación de servizos especiais.

3. Neste caso, terá dereito á reserva do posto de traballo que desempeñase durante seis meses, salvo que neste período perda as condicións establecidas para o desempeñar.

4. Unha vez publicado o acordo do resultado electoral pola xunta electoral correspondente, o candidato electo comunicará o resultado á xefatura de persoal, por conduto da súa unidade de encadramento, e continuará na situación de servizos especiais.

5. O interesado, no caso de non ser electo, unha vez que o acordo do resultado electoral sexa publicado pola xunta electoral correspondente, comunicará á xefatura de persoal, por conduto da súa unidade de encadramento, o dito resultado. A xefatura de persoal elevará á autoridade competente proposta de paso á situación administrativa que lle corresponda.

*Artigo 27. Finalización da situación de servizos especiais.*

1. O garda civil que perda as condicións en virtude das cales foi declarado nesta situación deberá solicitar o seu cesamento no prazo dun mes. De non o facer, a mesma autoridade que a concedeu declarará de oficio na situación administrativa que lle corresponda, con efectos desde o día en que perdeu aquela condición.

2. O garda civil ao cal se autorizou o paso á situación de servizos especiais por un tempo determinado será reintegrado de oficio, por parte da autoridade competente consonte este regulamento, á situación administrativa que lle corresponda.

3. A efectividade dos destinos que sexan solicitados e asignados conforme o previsto no artigo 15 estará condicionada ao seu paso á situación de servizo activo.

A reserva do posto de traballo que proceda acordarase, consonte os prazos previstos, sobre o novo destino asignado, sen que a nova asignación interrompa o seu cómputo.

4. Os deputados ou senadores das Cortes Xerais, membros das asembleas legislativas das comunidades autónomas ou das corporacións locais que perdan a dita condición por disolución das correspondentes cámaras ou terminación do mandato poderán permanecer na situación de servizos especiais ata a constitución das novas cámaras ou corporación.

*Sección 4.<sup>a</sup> Excedencia**Artigo 28. Modalidades da situación de excedencia.*

Os gardas civís poderán pasar á situación de excedencia nas seguintes modalidades:

- a) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- b) Excedencia voluntaria por interese particular.
- c) Excedencia voluntaria por agrupación familiar.
- d) Excedencia por coidado de familiares.
- e) Excedencia por razón de violencia de xénero.
- f) Ingreso por acceso directo como alumno dos centros de formación.
- g) Excedencia baseada na consideración de vítima de terrorismo.

*Artigo 29. Declaración e cesamento na situación de excedencia.*

1. O garda civil cursará solicitude de paso á situación de excedencia correspondente, por conduto regulamentario ao ministro de Defensa.

2. A solicitude incluíra a documentación que acredite que o garda civil reúne os requisitos necesarios.

3. A concesión do paso á situación de excedencia realizarase mediante resolución do ministro de Defensa, que indicará o suposto que é de aplicación.

4. O ministro de Defensa poderá declarar de oficio o cesamento na situación de excedencia cando se constate que desapareceron as causas polas cales se concedeu.

5. A efectividade dos destinos que sexan solicitados e asignados conforme o previsto no artigo 15 estará condicionada ao seu paso á situación de servizo activo. De ser o caso, deberán cumprirse os prazos de mínima permanencia previstos para determinadas modalidades de excedencia.

A reserva do posto de traballo que proceda acordarase, consonte os prazos previstos, sobre o novo destino asignado, sen que a nova asignación interrompa o seu cómputo.

#### Artigo 30. *Excedencia por prestación de servizos no sector público.*

1. Os gardas civís quedarán en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público cando pasen á situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das administracións públicas, ou pasen a prestar servizos nelas ou en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais, sempre que se trate do desempeño de postos con carácter de funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo.

2. Para poder optar á situación de excedencia por prestación de servizos no sector público será condición ter cumpridos, desde a adquisición da condición de garda civil, os tempos mínimos de servizos seguintes:

- a) Cinco anos para os oficiais.
- b) Tres anos para os suboficiais.
- c) Un ano para os cabos e gardas.

3. Tamén será condición necesaria ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a continuación, desde a finalización dos cursos do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais conforme a normativa que os regula, e tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

- a) Cursos categoría A: un ano.
- b) Cursos categoría B: dous anos.
- c) Cursos categoría C: tres anos.
- d) Cursos categoría D: catro anos.
- e) Cursos categoría E: cinco anos.

4. Durante o tempo de permanencia nesta situación manterase a condición de garda civil en suspenso, cos efectos sinalados no artigo 16.

5. Poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

6. Durante o tempo permanecido nesta situación non se devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

7. O garda civil poderá permanecer nesta situación mentres se manteña a relación de servizos que lle deu orixe. Unha vez producido o cesamento, deberá solicitar, no prazo dun mes, o reingreso á situación que corresponda; de non o facer, a mesma autoridade que lle concedeu a situación declarará de oficio na situación administrativa que lle corresponda, con efectos desde a data da resolución correspondente, salvo que nela se especifique outra data.

Artigo 31. *Excedencia voluntaria por interese particular.*

1. Os gardas civís poderán pasar á situación de excedencia voluntaria por interese particular cando o soliciten cun aviso previo de tres meses, sempre que non estean designados para participar en misións fóra do territorio nacional nin se lles estea instruindo un procedemento disciplinario e cumprisen o tempo de servizos que nos seguintes puntos se determinan.

2. Para poder optar a esta situación será condición ter cumprido os seguintes tempos de servizos, desde a adquisición da condición de garda civil:

- a) Oito anos para os oficiais.
- b) Cinco anos para os suboficiais.
- c) Tres anos para os cabos e gardas.

3. Tamén será condición necesaria ter cumpridos os tempos de servizos efectivos que se sinalan a continuación, desde a finalización dos cursos do ensino de perfeccionamento e de altos estudos profesionais conforme a normativa que os regula e tendo en conta o custo, a duración e a importancia de cada curso:

- a) Cursos categoría A: un ano.
- b) Cursos categoría B: dous anos.
- c) Cursos categoría C: tres anos.
- d) Cursos categoría D: catro anos.
- e) Cursos categoría E: cinco anos.

4. A concesión de excedencia voluntaria por interese particular quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas.

5. Nesta situación permanecerase un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela, finalizará a inmovilización pero a perda de postos será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que tivese no escalafón correspondente no momento da concesión.

6. Durante o tempo de permanencia nesta situación manterase a condición de garda civil en suspenso, cos efectos sinalados no artigo 16.

7. Poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

8. Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

Artigo 32. *Excedencia voluntaria por agrupación familiar.*

1. Os gardas civís poderán pasar á situación de excedencia voluntaria por agrupación familiar, sen requisito de ter prestado tempo de servizos, cando o cónxuxe resida noutro municipio por ter obtido e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo, como funcionario de carreira ou laboral en calquera das administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público dependentes ou vinculados a ela, así como en órganos constitucionais ou do poder xudicial e órganos similares das comunidades autónomas, na Unión Europea ou en organizacións internacionais ou un destino dos establecidos nos artigos 75 e 76 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Os gardas civís que desexen obter a excedencia voluntaria por agrupación familiar presentarán a correspondente solicitude conforme o previsto no artigo 29, xunto cos documentos necesarios acreditativos da situación laboral do cónxuxe.

3. A concesión deste tipo de excedencia para os gardas civís designados para participar nunha misión no exterior, segundo o previsto na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, poderá estar condicionada á finalización da dita misión.



4. Nesta situación permanecerase un tempo mínimo de dous anos, transcorridos os cales o interesado permanecerá no escalafón correspondente no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela, finalizará a inmovilización pero a perda de postos será definitiva. Se se lle concede esta situación por segunda ou sucesivas veces, quedará inmovilizado no posto que tivese no escalafón correspondente no momento da concesión.

5. Durante o tempo de permanencia nesta situación manterase a condición de garda civil en suspenso, cos efectos sinalados no artigo 16.

6. Poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia, sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

7. Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións nin lles será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

#### Artigo 33. *Excedencia por coidado de familiares.*

1. Os gardas civís poderán pasar á situación de excedencia por coidado de familiares cando o soliciten para atender o coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, ou de cada menor suxeito a garda con fins de adopción ou acollemento permanente, así como para atender o coidado dun familiar que se encontre ao seu cargo, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

2. Terá dereito a un período de excedencia non superior a tres anos contado desde a data de nacemento se se trata do coidado de fillos por natureza e desde a resolución xudicial ou administrativa nos supostos de adopción, ou acollemento permanente ou garda con fins de adopción.

Os sucesivos suxeitos causantes darán dereito a un novo período de excedencia que, de ser o caso, porá fin ao que se viñese desfrutando.

3. En caso de que máis dun garda civil xere o dereito a desfrutalo polo mesmo suxeito causante, poderase limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas coas necesidades do servizo.

4. A solicitude de excedencia por coidado de familiares farase consonte o previsto no artigo 29 e irá acompañada dos correspondentes documentos acreditativos que xustifiquen a dita petición, cun máximo de tres anos por cada suxeito causante.

5. Terán dereito, durante os dous primeiros anos de permanencia nesta situación, á reserva do posto de traballo que desempeñasen. Transcorrido este período, a dita reserva serao a un posto na mesma localidade e de igual retribución, sempre que exista vacante nela.

6. Durante o tempo de permanencia nesta situación manterase a condición de garda civil en suspenso, cos efectos sinalados no artigo 16.

7. Poderán ascender sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

8. Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións pero será computable para efectos de trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan, e durante o primeiro ano de cada período de excedencia, como tempo de servizos.

9. A autoridade con facultade para a concesión resolverá de oficio o paso do garda civil afectado á situación que corresponda ao finalizar o período autorizado de permanencia nesta situación.

#### Artigo 34. *Excedencia por razón de violencia de xénero.*

1. A muller garda civil vítima de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito a solicitar a situación

de excedencia sen ter que ter prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que sexa exixible prazo de permanencia nela.

2. A solicitude desta excedencia irá acompañada da documentación prevista no artigo 23 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3. Os seis primeiros meses seranlle computables para efectos de tempo de servizos, trienios, de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan, e reserva do posto de traballo. Non obstante, cando as actuacións xudiciais o exixan, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito, co fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

4. A muller garda civil nesta situación poderá ascender durante os tres primeiros anos, sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

5. Durante os dous primeiros meses desta excedencia terá dereito a percibir as retribucións íntegras que viña percibindo.

*Artigo 35. Excedencia por acceso directo como alumno dos centros docentes de formación.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de excedencia por acceso directo como alumnos dos centros docentes de formación da Garda Civil ou das Forzas Armadas.

2. Quen se encontre nesta situación reintegrarase á de servizo activo se causa baixa no centro antes de acceder á nova escala.

3. Poderán ascender durante os dous primeiros anos de permanencia sempre que teña cumpridas as condicións de ascenso establecidas. A partir dese momento permanecerán inmovilizados no escalafón correspondente no posto que ocupasen e non serán avaliados para o ascenso.

4. Durante o tempo permanecido nesta situación non devindicarán retribucións pero si será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

5. O director xeral da Garda Civil resolverá de oficio o paso do garda civil afectado a esta situación con efectividade desde a data de incorporación no centro docente correspondente.

*Artigo 36. Excedencia baseada na consideración de vítima do terrorismo.*

1. Os gardas civís que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, logo de recoñecemento do Ministerio do Interior ou de sentenza xudicial firme, nos termos establecidos na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, terán dereito a un período de excedencia baseada na consideración de vítima do terrorismo.

Os gardas civís tamén terán este dereito cando as circunstancias que se establecen no parágrafo anterior concorran no seu cónxuxe ou na persoa con quen convivan con análoga relación de afectividade e fillos.

2. A solicitude desta excedencia presentárase conforme o previsto no artigo 29, xunto cos documentos necesarios acreditativos da consideración de vítima do terrorismo.

3. Os seis primeiros meses seranlle computables para efectos de tempo de servizos, trienios, de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan, e reserva do posto de traballo. Non obstante, cando a situación en torno á vítima de terrorismo o exixa, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito, co fin de garantir a efectividade da protección da vítima.

4. Os gardas civís nesta situación poderán ascender, durante os tres primeiros anos, sempre que teñan cumpridas as condicións de ascenso establecidas.

5. Durante os dous primeiros meses desta excedencia terán dereito a percibir as retribucións íntegras que viñan percibindo.

*Sección 5.ª Suspensión de emprego**Artigo 37. Situación de suspensión de emprego.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de suspensión de emprego por algunha das seguintes causas:

a) Condena, en sentenza firme, á pena de prisión do Código penal militar ou do Código penal, mentres se encontren privados de liberdade e sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, de réxime disciplinario da Garda Civil, ou ás penas, principal ou accesoria, de suspensión militar de emprego ou de suspensión de emprego ou cargo público.

b) Imposición de sanción disciplinaria de suspensión de emprego.

2. Os gardas civís que pasen á situación de suspensión de emprego pola causa definida na alínea a) do número anterior cesarán definitivamente no seu destino, e quedarán privados do exercicio das súas funcións durante o tempo en que se execute a pena privativa de liberdade ou a de suspensión de emprego ou cargo público, ata a total extinción destas.

A suspensión de emprego polo suposto definido na alínea b) do número anterior producirá os efectos previstos na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.

3. Os gardas civís tamén poderán pasar á situación de suspensión de emprego á vista da sentenza en que se impoña a pena de inhabilitación especial para profesión, oficio ou calquera outro dereito, ou de privación dos dereitos á tenza e porte de armas, a conducir vehículos de motor, ou a residir en determinados lugares ou a acudir a eles, cando tal inhabilitación ou privación impida ou menoscabe o exercicio das funcións propias do destino que se ocupe.

4. O que pase á situación de suspensión de emprego polo suposto definido na alínea b) do número 1, se a sanción disciplinaria executada for posteriormente revogada con carácter firme, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu destino, se ao seu dereito conviñer, recuperará a súa situación no escalafón, incluído o ascenso que lle podería ter correspondido de acordo coa normativa de avaliacións e ascensos, e o tempo transcorrido na dita situación seralle recoñecido para efectos de tempo de servizos, trienios e determinación dos dereitos económicos e de seguridade social que correspondan.

*Artigo 38. Declaración e cesamento na situación de suspensión de emprego.*

1. Corresponde ao ministro de Defensa a competencia para adoptar a resolución de paso e cesamento na situación de suspensión de emprego.

2. Na resolución de paso á situación de suspensión de emprego figurará, de ser o caso, o período de aboamento que corresponda por ter permanecido na situación de suspensión de funcións, nos termos previstos no artigo 40.

*Artigo 39. Efectos do paso á situación de suspensión de emprego.*

1. Quen pase á situación de suspensión de emprego, calquera que sexa a causa que o motive, permanecerá no escalafón no posto que ocupase nese momento e non será avaliado para o ascenso. Ao cesar nela, finalizará a inmovilización e será definitiva a perda de postos.

2. O tempo permanecido na situación de suspensión de emprego non será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

3. O garda civil que pase á situación de suspensión de emprego terá dereito a percibir o setenta e cinco por cento das retribucións básicas, así como as prestacións familiares e pensións de mutilación e recompensas a que poida ter dereito.

4. Ao pasar a esta situación, entregará a súa tarxeta de identidade profesional e armamento de dotación para a prestación do servizo. Conservará a tarxeta de identidade

militar, que lle poderá ser substituída por outra en que se reflecta a súa situación administrativa. Respecto ás armas particulares que posúa, aplicarase o disposto no Regulamento de armas, aprobado polo Real decreto 137/1993, do 29 de xaneiro, e normativa de desenvolvemento para os membros da Garda Civil.

Artigo 40. *Alcance compensatorio do tempo permanecido en suspensión de funcións.*

1. Cando pasen á situación de suspensión de emprego polas causas definidas no número 1 do artigo 37, serviralles de aboamento para a permanencia na dita situación o tempo que permanecesen na situación de suspensión de funcións polo mesmo procedemento penal ou disciplinario.

2. O Servizo de Retribucións da Garda Civil ou órgano pagador correspondente regularizará a diferenza retributiva percibida durante a permanencia na situación de suspensión de funcións e a correspondente á situación de suspensión de emprego do período aboadado.

### *Sección 6.<sup>a</sup> Suspensión de funcións*

Artigo 41. *Situación de suspensión de funcións.*

1. O paso á situación de suspensión de funcións dos gardas civís poderase acordar como consecuencia do procesamento, da investigación ou da adopción dalgunha medida cautelar contra o imputado nun procedemento penal ou pola incoación dun expediente disciplinario por falta moi grave.

2. O período máximo de permanencia nesta situación será de seis meses ou o de duración da prisión preventiva, en caso de que a autoridade xudicial o acordase nalgún momento do procedemento e fose superior a seis meses.

3. No suposto de cesamento na situación de suspensión de funcións por levantamento da prisión preventiva, o director xeral da Garda Civil poderá acordar por resolución motivada, en que se deberán valorar os feitos imputados, a transcendencia social e o interese do servizo, a prohibición de solicitar e obter destino por un período de tempo que non poderá exceder o momento de se ditar sentenza firme ou auto de sobresemento.

4. En caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do expediente disciplinario sen imposición de sanción por falta moi grave, recuperará a súa situación no escalafón, incluído o ascenso que lle podería ter correspondido de acordo coa normativa de avaliacións e ascensos. O tempo transcorrido na dita situación seralle recoñecido para efectos de tempo de servizos, trienios e dereitos económicos e de seguridade social que lle correspondan. Así mesmo, será repostado no seu destino se ao seu dereito conviñer.

5. Cando o período de tempo permanecido na situación de suspensión de funcións sexa superior á duración da condena por sentenza firme ou da sanción disciplinaria por expediente disciplinario, a diferenza seralle computable como tempo de servizos.

Artigo 42. *Declaración e cesamento na situación de suspensión de funcións.*

1. O ministro de Defensa, valorando a gravidade dos feitos imputados, a existencia ou non de prisión preventiva, o prexuízo que a imputación infira ao réxime do Instituto ou a alarma social producida, poderá acordar a suspensión de funcións.

2. O ministro do Interior determinará se a dita suspensión leva consigo o cesamento no destino.

Artigo 43. *Efectos do paso á situación de suspensión de funcións.*

1. O garda civil que pase á situación de suspensión de funcións permanecerá inmovilizado no posto que ocupe no escalafón nese momento e non será avaliado para o ascenso.

2. O tempo permanecido na situación de suspensión de funcións non será computable como tempo de servizos, nin para efectos de trienios nin de determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan. Non obstante, será de aboamento para, de ser o caso, o cumprimento posterior da situación administrativa de suspensión de emprego, consonte o disposto no artigo 40.

3. Para os efectos do cadro de persoal do corpo da Garda Civil, os gardas civís na situación de suspensión de funcións contabilizarán de igual forma que os que se encontren na de servizo activo.

4. O garda civil que pase á situación de suspensión de funcións terá dereito a percibir o cento por cento das retribucións básicas, así como as prestacións familiares e pensións de mutilación e recompensas a que se poida ter dereito, salvo no suposto de paralización do expediente por causa imputable ao interesado, que comportará a perda de toda retribución mentres se manteña tal paralización e, de igual maneira, non terá dereito a percibir ningún haber en caso de incomparecencia inxustificada no expediente disciplinario se foi debidamente citado.

5. Ao pasar a esta situación, entregará a súa tarxeta de identidade profesional e armamento de dotación para a prestación do servizo. Conservará a tarxeta de identidade militar, que lle poderá ser substituída por outra en que se reflicta a súa situación administrativa. Respecto ás armas particulares que posúa, observarase o disposto no Regulamento de armas e normativa de desenvolvemento para os membros da Garda Civil.

#### *Sección 7.ª Reserva*

#### *Artigo 44. Situación de reserva.*

1. Os gardas civís pasarán á situación de reserva polas seguintes causas:

a) Os oficiais xenerais pasarán a reserva ao cumpriren catro anos no emprego de xeneral de brigada ou sete entre os empregos de xeneral de brigada e xeneral de división, ou dez entre os anteriores e o de tenente xeneral.

Os oficiais xenerais tamén poderán pasar á situación de reserva por decisión do Goberno, mediante real decreto acordado en Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, logo de informe do ministro do Interior.

O tenente xeneral, director adxunto operativo da Garda Civil, permanecerá na situación de activo mentres desempeñe ese cargo e no momento do seu cesamento pasará á situación de reserva ou a retiro, segundo proceda de acordo co disposto neste regulamento.

b) Os membros da categoría de oficiais pasarán a reserva ao faceren a idade de sesenta e un anos.

c) Os membros da categoría de suboficiais pasarán a reserva ao faceren a idade de cincuenta e oito anos.

d) Os membros da categoría de cabos e gardas pasarán a reserva ao faceren cincuenta e oito anos.

2. Malia o disposto no número anterior, logo de solicitude do interesado e por períodos dun ano, poderase conceder a continuación en servizo activo ata cumprir a idade de sesenta anos aos membros da categoría de suboficiais e de sesenta e cinco aos da de cabos e gardas, nos termos previstos no artigo 47.

3. Os gardas civís non poderán pasar á situación de reserva se non contan con, ao menos, vinte anos cumpridos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de garda civil. Quen non poida permanecer na situación de activo pasará directamente a retiro.

4. Cando corresponda o paso á situación de reserva pola causa definida na alínea a) do número 1, o punto de partida para contabilizar os tempos en cada emprego será o da data do real decreto ou resolución polo que se concedeu o ascenso, salvo que neles se faga constar a do día seguinte a aquel en que se produciu a vacante que orixinou o ascenso.

Artigo 45. *Declaración do paso á situación de reserva.*

1. O paso a reserva dos oficiais xenerais por cumprimento dos tempos máximos establecidos no artigo anterior, así como o do resto de categorías, producirase por resolución do ministro de Defensa.

2. O paso á situación de reserva causará o cesamento automático do interesado no destino ou cargo que ocupe, salvo nos casos que se determinen na normativa que regula a provisión de destinos, de acordo co previsto no número 1 do artigo seguinte.

Artigo 46. *Efectos do paso á situación de reserva.*

1. Os gardas civís que pasen á situación de reserva quedarán á disposición do ministro do Interior ata alcanzar a idade de retiro, para o cumprimento de funcións policiais cando razóns de seguridade cidadá o requiran.

2. Desde a situación de reserva poderase pasar ás demais situacións, excepto á de servizo activo. Ao cesar nestas, o interesado reintegrarase á de reserva.

3. Na situación de reserva non se producirán ascensos.

4. O tempo transcorrido na situación de reserva será computable para efectos de tempo de servizos, trienios e determinación dos dereitos de seguridade social que correspondan.

5. As retribucións en situación de reserva determinaranse nas normas que regulen o sistema retributivo do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado e estarán constituídas, para o persoal non destinado, polas retribucións básicas e un complemento de dispoñibilidade.

Cando se pase á situación de reserva polas causas sinaladas no artigo 44.1.a), conservaranse as retribucións do persoal en activo ata alcanzar a idade de sesenta e tres anos.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase como retribucións do persoal en activo as retribucións básicas e complementarias de carácter xeral asignadas ao emprego. Considérase comprendido o compoñente singular do complemento específico asignado aos postos de traballo desempeñados por oficiais xenerais, ao constituír para os ditos empregos un único concepto que absorbe o compoñente xeral do complemento específico.

Artigo 47. *Procedemento para continuar en servizo activo.*

1. O garda civil que cumpra os requisitos recollidos no artigo 44 poderá solicitar a continuación en servizo activo ao cumprir a idade establecida para o paso á situación de reserva cunha antelación mínima de tres meses á data indicada.

2. A solicitude dirixirase, por conduto da xefatura de persoal, ao director xeral da Garda Civil, quen resolverá no prazo de dous meses.

3. A continuación en servizo activo concederase, salvo que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Encontrarse en situación administrativa de suspensión de emprego.
- b) Encontrarse en situación administrativa de suspensión de funcións.
- c) Non acreditar a aptitude psicofísica necesaria para o desempeño das funcións propias asignadas polo ordenamento xurídico á Garda Civil.

4. A non concesión da continuación en servizo activo por algunha das causas recollidas no número anterior acordarase mediante resolución motivada, que será notificada ao interesado.

5. Coa finalidade de acreditar a aptitude psicofísica exixida na alínea c) do número 3, o interesado será sometido a recoñecemento médico e a probas psicolóxicas polos órganos dependentes dos servizos de Asistencia Sanitaria e de Psicoloxía.

O recoñecemento médico incluírá a revisión da capacidade física xeral, aparato locomotor, visión e audición.

6. Unha vez concedida a continuación en servizo activo polo período dun ano, este deberase cumprir integramente salvo que, por solicitude do interesado, se acredite que concorren circunstancias extraordinarias, sobrevidas e debidamente xustificadas, caso en que se proporá o seu paso a reserva.

Ao finalizar o período de continuación en servizo activo por un ano, pasarase á situación de reserva, salvo que solicite a continuación por un período de igual duración, ao cal serán de aplicación as mesmas condicións previstas neste artigo.

As concesións de continuación en servizo activo por períodos dun ano serán publicadas no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

*Artigo 48. Paso á situación de reserva con carácter voluntario nas cotas autorizadas.*

1. Os gardas civís poderán pasar á situación de reserva por petición propia, nas cotas que autoricen periodicamente e de forma conxunta os ministros de Defensa e do Interior para os distintos empregos e escalas, de acordo coas previsións de planeamento da seguridade cidadá e dos recursos humanos na Garda Civil, sempre que teñan cumpridos vinte e cinco anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de garda civil.

2. A concesión realizarase en razón da maior antigüidade no emprego.

#### *Sección 8.<sup>a</sup> Prisioneiros e desaparecidos*

*Artigo 49. Condición de prisioneiro ou desaparecido.*

Para os efectos deste regulamento, terá a consideración de:

a) Prisioneiro: o garda civil que sexa prendido e sometido a cativerio por razón da súa condición de garda civil, por compoñentes de forzas, organizacións ou bandas inimigas ou hostís.

b) Desaparecido: o garda civil que, con ocasión do servizo, resulte ilocalizable debido a causas atribuíbles ao cumprimento das súas obrigacións profesionais.

*Artigo 50. Procedemento administrativo.*

1. O xefe de unidade do garda civil afectado informará por conduto a xefatura de persoal cando teña constancia fidedigna da ausencia en condicións propias de prisioneiro ou desaparecido.

2. O director xeral da Garda Civil, unha vez recibido o informe anterior, ordenará incoar un procedemento cuxa resolución corresponderá ao ministro de Defensa, quen declarará, de ser o caso, a condición de prisioneiro ou desaparecido, ou acordará que esta non procede.

3. A partir da resolución pola cal se acorde a declaración da condición de prisioneiro ou desaparecido, deberase acordar o cesamento no destino no prazo máximo dun ano.

*Artigo 51. Situacións administrativas na condición de prisioneiro ou desaparecido.*

1. O prisioneiro ou desaparecido permanecerá na situación administrativa en que se encontraba ata a súa liberación, achado ou declaración de falecemento, momento en que cambiará de situación administrativa, se lle corresponder.

2. Non obstante, no caso dos gardas civís desaparecidos, o tempo en que permanecerán na situación de servizo activo estará limitado a dous anos desde a declaración de desaparecido. Pasado ese prazo, reputarase exclusivamente para os efectos da súa condición de garda civil como falecido e a súa baixa publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

3. O prazo anterior reducirase a tres meses para o mesmo grupo de gardas civís cando se encontrasen a bordo dun buque naufragado, dunha aeronave sinistrada ou gardas civís desaparecidos por inmersión no mar, sen se teren noticias deles, nin se teren atopado os seus restos.

4. Se o prisioneiro fose liberado ou o desaparecido fose atopado, causará novamente alta no corpo e escala de procedencia e pasará á situación que lle corresponda e será repostado no seu destino se ao seu dereito conviñer. O tempo permanecido como desaparecido poderá computarse como de servizos efectivos se do expediente se deducen razóns xustificadas da ausencia ou cativerio.

Artigo 52. *Ascensos na condición de prisioneiro ou desaparecido.*

1. O tempo permanecido na condición de prisioneiro ou desaparecido con ocasión de servizo será válido para todos os efectos como tempo de servizos.

2. Tanto o prisioneiro como o desaparecido poderán entrar en avaliación para o ascenso, se lles corresponder.

Artigo 53. *Dereitos económicos.*

Durante o tempo de permanencia como prisioneiro ou desaparecido, nas condicións do artigo 49, continuarán percibindo as retribucións correspondentes á situación administrativa en que se encontraba o afectado.

## CAPÍTULO IV

### Recursos

Artigo 54. *Recursos.*

1. Contra os actos e resolucións que se adopten en exercicio das competencias atribuídas neste regulamento e non esgoten a vía administrativa, os gardas civís poderán interpor recurso de alzada, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra os actos e resolucións adoptados polo Consello de Ministros e polos ministros de Defensa e do Interior que non sexan resolución dun recurso de alzada poderase interpor recurso de reposición, con carácter potestativo, previo á vía contencioso-administrativa, nos termos establecidos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Nos procedementos previstos neste regulamento en que medie solicitude do persoal da Garda Civil, se non se notifica a decisión adoptada no prazo de seis meses ou, de ser o caso, no establecido no correspondente procedemento, considerarase desestimada a solicitude e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 106.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.



## ANEXO

**Porcentaxe de aboamento nas cantidades que se deben resarcir ao Estado como consecuencia da renuncia á condición de garda civil**

Porcentaxe de aboamento sobre a cantidade que se lle debe resarcir ao Estado

Tempo de servizos cumprido en anos completos (*)	Tempo de servizos exixido (anos)							
	1	2	3	4	5	6	7	8
0	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00	100,00
1	0,00	50,00	67,70	77,00	83,00	87,30	90,70	93,50
2		0,00	33,30	52,00	64,00	72,70	79,40	85,00
3			0,00	25,00	43,00	56,00	66,10	74,50
4				0,00	20,00	37,30	50,90	62,00
5					0,00	16,70	33,60	47,50
6						0,00	14,30	31,00
7							0,00	12,50
8								0,00

(\*) Non se consideran as fraccións de anos.